



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico A planificación estratéxica como método de xestión pública

CONVOCATORIA: Curso monográfico planificación estratéxica

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 11/01/2019 - 08:00h ao 21/01/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Os obxectivos fundamentais deste curso monográfico son os seguintes:

- Analizar os aspectos máis destacados da planificación estratéxica e da dirección por obxectivos: conceptos fundamentais e principios.
- Motivar as persoas participantes na reflexión estratéxica para facer fronte aos desafíos do sector público.
- Profundar no coñecemento e no manexo das principais ferramentas necesarias para formular e implementar a planificación estratéxica como método de traballo nas organizacións públicas.
- Coñecer algunhas experiencias de planificación estratéxica levadas a cabo na Administración pública.
- Aplicar os coñecementos adquiridos mediante a elaboración dun plan estratéxico.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma e das universidades do sistema universitario de Galicia, que se encadren nalguna das seguintes categorías:

1. Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
2. Grupos I e II do persoal laboral.

PROGRAMA

Neste curso monográfico serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Consideracións sobre a planificación estratéxica na Administración pública.
- O proceso de elaboración dun plan estratéxico xeral.
- O proceso de elaboración dun plan operativo anual.
- O sistema de seguimento e avaliación dun plan operativo anual.
- Experiencias de planificación estratéxica na Administración española.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes que non acompañen a dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 21 de xaneiro de 2019.

3. DATOS EDICIÓNS

OURENSE

LOCALIDADE: Ourense

INICIO / FIN: 29/01/2019 a 31/01/2019

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

CONSUELO SANCHEZ NARANJO

BENITO RAMOS RAMOS

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Centro Cultural Marcos Valcárcel. Deputación Provincial de Ourense. rúa Progreso, 30. Ourense